

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Cu da Raíña de Mugar dos e a causa (supoñemos que involuntaria) da chegada dos Borbóns ao trono español

Carlos II de Austria, *O Enfeitizado*, foi un desastre de rei entre 1665 e 1700. Á parte dalgunhas taras físicas, era escaso de entendedeiras, disque por mor dos múltiples matrimonios consanguíneos que o precederon. Mais o gran problema que causou, mirado desde a óptica do interese sucesorio, foi que non conseguiu ter descendencia.

Primeiro casou con María Luísa de Orleáns, sobriña do rei francés Luís XIV. O matrimonio durou dez anos, ata o falecemento da raíña o 12 de febreiro de 1689.

Urxía un herdeiro e escolleron como esposa a Mariana de Neoburgo, filla de Filipe Guillermo de Baviera, de familia moi prolífica.

O casamento fíxose por poderes en Alemaña e tivo lugar o 28 de agosto de 1689. A continuación preparouse a viaxe da nova raíña desde Alemaña ata a península o que resultou unha aventura. A cousa non era doada.

España e Francia andaban en guerra e a travesía desde Baviera tiña os seus riscos.

A viaxe comezou o 3 de novembro de 1689, en principio con dirección a Santander. Mais non foi posible arribar a Santander. A flota que custodiaba a raíña desviouse cara a Coruña a onde estivo a piques de chegar a finais de marzo de 1690!

Pero tampouco chegou á Coruña. Un temporal obrigou á frota á abrigarse na ría de Ferrol ata que mesmo en

fronte de Mugardos o barco da raíña encallou. Era o 28 de marzo pero a raíña aínda tivo que agardar para desembarcar ata o 16 de abril.

Despois, con parada en Pontedeume, Betanzos, A Coruña, Lugo □ chegaría a Valladolid, sede da corte española naquel entón, o 3 de maio.

Benito Vicetto é o primeiro que conta a anécdota do desembarco. Na ría de Ferrol, xusto en fronte do castelo da Palma, hai unha rocha que se coñece como □Pena da raíña Mariana□ ou □Pena do cu da raíña□, pois, ao parecer, neste lugar a raíña esvarou e pousou o cu. Outras versión din que a raíña se aburría no barco mentres non se ordenaba o desembarco, e non é de estrañar pois pasaron nel case tres semanas, e que só lle deixaban abandonalo para sentar a reflexionar sobor da rocha que dicimos.

O rei Carlos II de Austria morreu o 1 de novembro daquel mesmo ano. Contaba 38 anos. E tras del, por non deixar herdeiro, despois das consabidas intrigas, guerras e pelexas que non son asunto desta nota, chegou ao trono español o francés Felipe V de Borbón, chamado *O Animoso*, o primeiro da longa nómina dos Borbóns que como reis españois comezaron a andaina o 16 de novembro do ano 1700. E ata hoxe, máis ou menos.

©AReigosa





BIBLIOGRAFÍA

CASÁS FERREÑO M^a Beatriz. *A viaxe da raíña Mariana de Neoburgo (1689-1790). Festas e relación de sucesos*, Cátedra, revista eumesa de estudos, 9, 2002, páx. 305-336.